

DEPARTAMENTO: Servizos Sociais

BASES ESPECÍFICAS DA CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS PARA O APOIO Á INFANCIA E Á ADOLESCENCIA

As presentes bases específicas, que rexerán a convocatoria, en réxime de concorrencia competitiva, para a concesión de axudas ou subvencións para o apoio á infancia e á adolescencia, estarán suxeitas á Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións (en adiante LXS), á Lei 9/2007 de 13 de xuño de subvencións de Galicia (LXS), e ao Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro polo que se aproba o regulamento que desenvolve a devandita lei.

1. FUNDAMENTACIÓN NORMATIVA

O Concello de Baiona , asumindo as competencias recoñecidas no artigo 25.2,e e da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e no artigo 80.2,k da Lei 5/1997 de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, de acordo cos artigos 4 e 8.3 da Lei 13/2008 del 3 de decembro de Servizos Sociais da Comunidade Autónoma de Galicia, e coas determinacións da Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, procede a ditar as bases necesarias para a concesión de axudas para o apoio á infancia e á adolescencia.

2. OBXECTO DAS AXUDAS

As presentes bases teñen por obxecto regular o outorgamento de axudas ou subvencións ás familias que pola súa situación teñan dificultades para afrontar gastos derivados da atención ós menores da unidade familiar, exceptuando o caso das axudas para transporte escolar que poderán ser beneficiarios persoas maiores de idade (ata os 21 anos) que cursen estudos reglados en centros públicos.

As axudas irán destinadas ós seguintes conceptos:

- 1.- Equipamento escolar
- 2.- Comedor escolar
- 3.- Terapia familiar e psicolóxica

3. BENEFICIARIOS

Poderán ser beneficiarias das axudas aquelas unidades familiares que estean empadroadas no concello de Baiona e residan neste termo municipal de xeito efectivo.

Para as axudas de equipamento escolar e comedor será preciso que os menores estean matriculados en centros públicos do municipio.



EXCMO. CONCELLO DE

Baiona

As axudas serán compatibles con outras axudas polo mesmo concepto, sempre e cando a suma das axudas concedidas non supere o total do gasto e se a criterio técnico se considera oportuno.

4. REQUISITOS

1. Para poder optar ás axudas é requisito indispensable que os ingresos económicos da unidade de convivencia dos últimos 6 meses non superen as cantidades establecidas no seguinte baremo:

Nº de membros da unidade familiar	Ingresos netos semestrais
Familias de 2 membros	5.647,32€
Familias de 3 membros	6.777,84€
Familias de 4 membros	8.065,62€
Familias de 5 membros	9.517,44€
Familias de 6 membros	11.135,40€
Familias de 7 membros	12.917,04€
Familias de 8 ou máis membros	14.854,56€

Nesta convocatoria, para os efectos de determinar a renda familiar, terase en conta a situación persoal e familiar do último semestre.

No caso de separación ou divorcio dos proxenitores, acreditada mediante sentenza xudicial, a contía a conceder será a metade, sempre e cando na antedita sentenza quede reflectido que estes gastos son compartidos. Ambos proxenitores poderán facer a solicitude.

2. A efectos do cómputo de ingresos teranse en conta os de calquera procedencia: salarios, pensións contributivas e non contributivas, prestacións, rendas, rendementos por actividades profesionais, etc. Computarán por dous cada un dos membros da unidade familiar que figurando na solicitude teñan unha discapacidade igual ou superior ao 33%.

3. Dos ingresos medios mensuais descontaranse os gastos de alugueiro e hipoteca da vivenda habitual ata un máximo de 300 €/mes

4. Non se poderá acceder a estas axudas cando o solicitante ou algún membro da unidade de convivencia teña débedas co Concello de Baiona, agás o subministro básico de auga municipal.

6. Tendo en conta a natureza destas axudas sociais e a situación de necesidade das persoas destinatarias, ó abeiro do disposto no Art. 13.2 da LXS, exceptúase o requisito de acreditar o cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social para obter a condición de beneficiario/a.

5. GASTOS SUBVENCIONABLES E IMPORTE DAS AXUDAS

As axudas deberán adicarse aos seguintes conceptos:

1. Equipamento escolar

Entendese como equipamento escolar todo o material considerado básico e necesario para o axeitado desenvolvemento da actividade escolar.

- Material funxible ata un máximo de 50€ por menor
- Material non funxible ata un máximo de 100€ por menor
- Material de apoio informático ata un máximo de 200€ por menor ata un máximo de 400€ por unidade de convivencia sempre que non poida ser obtido por outros medios.

2. Comedor escolar

A contía máxima a conceder virá determinada polo custo do servizo.

No caso de que, como consecuencia do COVID-19, non se puidera dar este servizo de comedor, o importe da axuda concedida manteríase para sufragar o gasto de alimentación do menor no seu fogar.

3. Transporte escolar

Dirixido a estudantes que teñan rematado o ensino obrigatorio e continúen os seus estudos de bacharelato ou ciclos formativos reglados en centros situados tanto dentro como fora do concello.

A contía máxima a percibir será de 50€/mes sempre e cando esta contía non supere o custo mensual total do transporte. Neste caso quedaría cuberto o importe total.

4. Terapia familiar e psicolóxica

A contía máxima a conceder cubrirá o custo das sesións ata un máximo de 10 prorrogables segundo criterio técnico.

É requisito imprescindible estar dado de alta no Servizo de Educación e Apoio Familiar do Concello de Baiona.

Calquera situación considerada excepcional será valorada polo equipo técnico dos servizos sociais e requirirá informe favorable.

6. ORZAMENTO

A contía da convocatoria a realizar de conformidade coas presentes bases ascende a 12.500€ euros, con cargo ás partidas orzamentarias 231.48002, 231.48003 e 231.48004, do orzamento prorrogado para o 2020 e de subvencións de entidades bancarias



7. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

1. As solicitudes de axudas dirixiranse ao Ilmo. Sr. Alcalde e presentaranse a través do rexistro xeral municipal ou por calquera das formas establecidas no art. 38.4 da Lei30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común.

2. O prazo de presentación de solicitudes será de 20 días naturais dende o día seguinte á publicación destas bases, de conformidade co establecido na LXS.

3. Será imprescindible presentar a solicitude de subvención cuberta no modelo normalizado incluído como Anexo I das presentes bases. A mera presentación da solicitude suporá que o solicitante coñece e acepta as presentes bases da convocatoria.

4. Coa solicitude achegarase a documentación que se sinala:

- a) Fotocopia do documento nacional de identidade do solicitante e cónxuxe ou parella
- b) Fotocopia do libro de familia completo
- c) Fotocopia da documentación necesaria para a comprobación dos datos económicos dos seis últimos meses (nóminas, certificado de pensións, certificado de prestacións, rendas, declaracións trimestrais no caso de autónomos, etc.)
- d) Fotocopia do certificado do grao de discapacidade
- e) No caso de separación ou divorcio , copia da sentenza ou convenio regulador
- f) De ser o caso, recibo e contrato de alugueiro, ou recibo da hipoteca da vivenda habitual
- g) Certificado de número de conta bancaria a nome do solicitante
- h) Xustificación de axudas concedidas polo mesmo concepto ou autorización para o cotexo destes datos co centro escolar correspondente.
- i) Certificado de matrícula no centro público onde cursa estudos.

8. TRAMITACIÓN E PROCEDIMENTO

1. A tramitación destas axudas realizarase polos servizos sociais municipais, que recibirá as solicitudes e comprobará os requisitos esixibles e a documentación acreditativa e, de ser o caso, requirirá para que no prazo de 10 días hábiles se subsane a solicitude ou complete a documentación preceptiva, coa advertencia de que, de non facelo, teráselle por desistido da súa petición, logo da resolución oportuna.

2. As axudas adxudicaranse a aquelas unidades de convivencia que acrediten reunir os requisitos establecidos no aptdo. 4º das presentes bases, cos límites de importe establecidos, ata o esgotamento da partida orzamentaria adicada a esta finalidade. Se o número de solicitudes supera no seu importe total o da partida orzamentaria, darase prioridade ás solicitudes con menor nivel de renda. Os empates resolveranse a favor de quen primeiro presentase a solicitude.

9. PAGO E XUSTIFICACIÓN DA AXUDA

Os servizos económicos municipais realizarán, polos medios que en cada caso sexan operativos, o seu pagamento e fiscalización. Segundo a valoración profesional do persoal técnico dos servizos



socials, o pago da axuda se poderá facer directamente no número de conta da empresa/comercio

onde se adquira o produto solicitado, mediante un pago delegado, no que constará o número de conta do establecemento.

A documentación xustificativa deberá presentarse nos 15 días posteriores á recepción da notificación de concesión da axuda, a excepción das axudas concedidas para terapia familiar e transporte escolar, que se xustificarán a medida que se realice o servizo, no rexistro xeral municipal ou a través de calquera outra das formas previstas no art. 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

A efectos da xustificación da axuda de equipamento escolar non se darán por válidos produtos cun custe que sobrepase o valor medio do mesmo no mercado.

10. REINTEGRO E RÉXIME SANCIONADOR

A falsidade ou ocultación dos datos ou documentos achegados polos/as beneficiarios/as da axuda, así como a non xustificación total ou parcial da mesma, ou destinala a un fin distinto para o que foi concedida, implicará o reintegro ao Concello das axudas aboadas.

11. VIXENCIA

As presentes bases estarán vixentes durante todo o ano 2020, quedando condicionadas pola existencia de consignación orzamentaria.



ANEXO I

PROCEDEMENTO AXUDAS PARA O APOIO Á INFANCIA E Á ADOLESCENCIA	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	--------------------------------

DATOS DE IDENTIFICACIÓN DA PERSOA SOLICITANTE

NOME PRIMEIRO APELIDO SEGUNDO APELIDO

--	--	--

NIF / NIE NACIONALIDADE ESTADO CIVIL

--	--	--

SEXO TELÉFONO/S

--	--

ENDEREZO PARROQUIA MUNICIPIO

		Baiona
--	--	--------

CÓDIGO POSTAL PROVINCIA CORREO ELECTRÓNICO

	Pontevedra	
--	------------	--

De acordo co disposto nas bases das Axudas de Apoio á Infancia e á Adolescencia do Concello de Baiona

SOLICITA:

Que, despois de efectuados os trámites necesarios, eleve o expediente ó Departamento de Servizos Sociais, ós efectos de que se dite a resolución oportuna en canto á concesión da axuda na modalidade seguinte:

CONCEPTO SOLICITADO	MARCAR X
EQUIPAMENTO ESCOLAR	
MATERIAL FUNXIBLE	
MATERIAL NON FUNXIBLE	
MATERIAL DE APOIO INFORMÁTICO	
COMEDOR ESCOLAR	
TRANSPORTE ESCOLAR	
TERAPIA FAMILIAR E PSICOLÓXICA	



EXCMO. CONCELLO DE
BAIONA

A PERSOA SOLICITANTE DECLARA:

- a) Que tódolos datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos, non existindo omisión de datos e sei que a ocultación e falseamento de datos dirixida a obter a axuda poderá motivar a súa denegación.
- b) Que coñezo e acepto as condicións establecidas nas bases das axudas de apoio á infancia e á adolescencia
- c) Que, en relación ás axudas polo mesmo concepto, declaro:

Ter solicitadas ou concedidas outras axudas das administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para a mesma finalidade.

Tipo de axuda:

Administración ou entidade á cal que se solicitou:

Data da solicitude Data da concesión Contía

Non ter solicitadas ou concedidas outras axudas das administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para a mesma finalidade.

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE

Baiona, _____ de _____ do 20__

De acordo co disposto na Lei 15/1999, informámoslle que os seus datos persoais van ser incorporados nun ficheiro cuxo responsable é o CONCELLO DE BAIONA, con domicilio na rúa Lorenzo de la Carrera, 17, 36 300 Baiona (Pontevedra), onde poderá exercitar, en todo momento, os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e, no seu caso, o de oposición. Ó facilitar os seus datos persoais vostede autoriza ó seu tratamento coa finalidade de tramitar o contido na presente instancia para os efectos oportunos.

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE BAIONA

ANEXO II
AUTORIZACIÓNS DA UNIDADE DE CONVIVENCIA

Tal como establece o artigo 11 desta ordenanza, as persoas abaixo asinantes, autorizan ó Concello a:

- a) O tratamento automatizado de tódolos documentos contidos nela. De acordo co disposto na Lei 15/1999, informámoslle que os seus datos persoais van ser incorporados nun ficheiro cuxo responsable é o CONCELLO DE BAIONA, con domicilio na rúa Lorenzo de la Carrera, 17, 36300 Baiona (Pontevedra), onde poderá exercer, en todo momento, os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e, no seu caso, o de oposición. Ó facilitar os seus datos persoais vostede autoriza ó seu tratamento coa finalidade de tramitar o contido na presente instancia para os efectos oportunos.
- b) Que dende os Departamentos de Servizos Sociais e Intervención se consulte o Padrón municipal para comprobar a convivencia efectiva no mesmo dos membros da unidade de convivencia.
- c) Que dende o Departamento de Servizos Sociais se comprobren os datos do Servizo Público de Emprego de Galicia e Seguridade Social de tódolos membros da unidade de convivencia maiores de idade.
- d) Realizar as xestións oportunas para comprobar que ningún convivinte figura no Catastro ou, no caso de que si figuren, que a suma dos valores catastrais de tódolos convivintes, non sexa superior a 50.000 euros, tanto por bens inmobles urbanos ou rústicos.

Nome e apelidos	Relación co solicitante	Data de nacemento	Situación laboral	Ingresos	Discapacida de Dependencia	Sinatura (maiores 18 anos)
	SOLICITANTE					

DOCUMENTACIÓN QUE DEBERÁ PRESENTAR A PERSOA SOLICITANTE

- Solicitud debidamente cuberta no Anexo I e Anexo II.
- Fotocopia do DNI / NIE ou pasaporte da persoa solicitante e do seu cónxuxe ou parella.
- Fotocopia do libro de familia Nos casos de separación, divorcio ou nulidade matrimonial deberase achegar copia da sentenza e convenio regulador.
- No caso de selo, xustificante de parella de feito ou ruptura da mesma.
- No caso de convivencia efectiva de parellas, declaración xurada da convivencia ou informe de convivencia efectiva da Policía Local cando a información non se corresponda coa que consta nos Servizos Sociais.
- No seu caso, fotocopia do certificado de discapacidade ou dependencia.
- Xustificante ingresos económicos da persoa solicitante e dos membros da unidade de convivencia dos últimos 6 meses, a través de:
 - Fotocopia das nóminas.
 - Outros ingresos: prestacións doutras administracións, pensións compensatorias, pensión de alimentos, etc.
- No seu caso, resolución motivada doutras Administracións ás que lle solicitaran axuda.
- Contrato de aluguer e recibo mensual do aluguer ou hipoteca.
- Certificación bancaria da persoa solicitante, solicitante onde indique que se lle ingrese a axuda solicitada, no caso de ser a perceptora directa da axuda.
- Certificado de matrícula no centro público onde cursa estudos.

Calquera outra documentación que sexa relevante para a correcta avaliación da súa solicitude.